

PROGRAMA A CORUÑA E O CONSUMO DA OMIC

3. Publicidade

Obxectivo: Informar e concienciar, mediante talleres de "sensacións", sobre a existencia de técnicas e métodos para inducir á compra, así como orientar aos participantes cara a un consumo intelixente e responsable.

1. Publicidade nos medios

Obxectivos: Analizar a evolución da publicidade nos medios, espertando no alumnado un sentido crítico para os estereotipos que se utilizan nos anuncios. Coñecer e facer análise do desenvolvemento uso e abuso da publicidade ilícita. Potenciar unha actitude positiva cara a análise crítica de calquera tipo de publicidade nos diferentes medios.

Destinatarios: alumnado de Educación Primaria, ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos, adultos.

2. Publicidade “verde”

Obxectivos: Coñecer que é unha empresa “verde” nas súas prácticas ou na elaboración dos seus produtos. Explicar en que consisten determinadas prácticas que supoñen vender o mesmo produto de sempre cun “lavado de imaxe” que asegura o respecto ao medio ambiente, sen que o seu proceso de produción cambie ou mellore, ou considerando unha práctica illada que non ten impacto real no conxunto do proceso.

Destinatarios: alumnado de ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos, adultos.

3. Os nosos sentidos e o consumo

Obxectivos: Coñecer os nosos sentidos mediante xogos interactivos. Coñecer, mediante xogos, as diferentes técnicas que empregan a estimulación dos nosos sentidos para inducirnos a consumir.

Destinatarios: alumnado de Educación Infantil e Educación Primaria.

4. A publicidade dos alimentos

Obxectivos: Coñecer a regulación de toda a publicidade que vemos, oímos ou lemos sobre os distintos produtos alimenticios, para poder valorar a información sobre composición ou propiedades dos alimentos. Coñecer que son as declaracións sobre as propiedades nutricionais e saudables que a publicidade fai sobre os alimentos.

Destinatarios: alumnado de Educación Primaria, ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos, adultos.